

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº39/ Ano: 2021 / 1º xornal mes de novembro / Estado Arqueolóxico

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com

ESCAVACIÓN DO

CASTRO DOS MOUROS

COMEZA A ESCAVACIÓN DO CASTRO DOS MOUROS. BARRIO DE CANEXOL

Importantísima noticia que quero reflectir aquí, aínda que sexa de xeito reducido, xa que estamos á espera de que os arqueólogos da Universidade de Vigo, dean referencias sobre ela despois de analizar os achados atopados. Sobre esta tema xa comezamos no Onstopus nº 28, páxs. da 4 á 10.

Páxs. 3-5



VISITA A ONS O 22 DE OUTUBRO
Debido a problemáticas diversas, non puiden achegarme á Illa na ponte do Pilar, polo que aproveitei este magnífico venres día 22 para visitala e ver como se ían desenvolvendo as diferentes obras e escavacións.

Páxs. 1 e 6



RECUPERAN A DORNA "ELVIRA"

A asociación Os Galos recupera, para o Centro de Visitantes de Ons, a dorna Elvira. Páx. 2



VISITA DO GOBERNADOR CIVIL Á ILLA DE ONS. 1957

O Gobernador Civil Rafael Fernández Martínez, visitou Ons en agosto de 1957 para interesarse por esta comunidade illá.

A Deputación de Pontevedra puxo á nosa disposición en ATOPO varias fotografías da visita. Páx. 6

ONS NA MEMORIA

Familia de Aurita. Páx. 2

VISITA A ONS O 22 DE OUTUBRO 2021



CASTRO DOS MOUROS (CANEXOL)

Camiñando cara ao Buraco polo camiño de rodeiras, ao chegar ao barrio de Canexol levei unha gran sorpresa ao ver o desfigurado que estaba o montículo que agocha o Castro dos Mouros.

Aínda que o atopaba estraño, sentín unha grande ledicia ao saber que despois de moitos anos de loita para conseguir que especialistas se encargaran do seu estudo, por fin! Aí estaban. Un grupo de arqueólogos intentando rescatar do seu esquecemento unha parte importantísima da historia da Illa de Ons.

Á volta da miña andaina, pasarei por alí.

CASA DE CESÁREO E VITORIA

Pero a grande ledicia, pronto se tornou en mágoa ao pasar pola casa de Cesáreo e Vitoria.

Os únicos aunienses que levaban toda a súa vida sen saír da Illa, agás intres puntuais, agora están en Bueu. Vitoria loitando contra esa alimaña que, cando entra no noso corpo, non nos deixa vivir en paz. E Cesáreo, ao seu lado, acompañando na súa loita á compañeira coa que decidiu compartir a súa vida hai máis de 50 anos.

É a primeira vez que paso por diante desta casa e non atopo a ninguén nela, é como si lle faltara vida, e as bágoas veñen ao ritmo dos meus pasos.

Só nos queda esperar e desexar que todo saia ben.



BURACO DO INFERNO

Por fin, entre recordos, chego ao Buraco. De novo a alegría volve a min ao comprobar que as palabras que me escribira no mes de agosto o Director do Parque, desta vez, si eran unha realidade; estaban a arranxar, como prometera, o camiño de chegada ao Buraco e a súa contorna.


En anteriores Onstopus comunicabamos aos nosos lectores o deplorable estado no que se atopaba o camiño, mesmo ao chegar a este emblemático lugar, cousa que tamén faciamos chegar ao Parque. Dende a súa dirección prometeron que, en setembro poñíanse co seu arranxo e os resultados, aínda que non está rematado, son magníficos, á espera do seu acabado final.

Agora habería que mirar a baixada cara ao pequeno miradoiro pois non ten unha doada chegada a el e pode tamén causar algún desgusto.



LATRINAS NO BARRIO DE CURRO

Aínda que mirara as obras das latrinas de Curro cando comecei a miña andaina cara ao sur, e como, loxicamente, pensaba volver para o xantar a este mesmo barrio, deixei para o final o sacarlle unhas fotos a este necesario servizo que PineirÓns levaba solicitando, nos seus Informes anuais á Consellería, dende hai anos. Servizo que se facía moi necesario debido á cantidade de visitantes que recibe a Illa no verán.





ONS NA MEMORIA

Atopámonos na casa de Aurita. Ese día estaba de aniversario o seu neto Jose, fillo de Carme e Pepe.

Fomos invitados a unha boa papadela, como non ía ser menos en casa de Aurita e Miro, e logo ao apagado da vela dos, creo, 4 anos.

Jose atópase no colo do seu pai, ao que só lle vemos parte da cabeza. Diante Juan Castiñeiras, hoxe o gastrónomo e micólogo do Bioco, en Pontevedra. Á dereita do rapaz, parte da súa familia e, ao fondo, vemos a un xovenciño Lino Pazos.

Anos 80. *Que tempos!!!*



Carme e Pepe, pais de Jose, na actualidade.



Fotos: Parque Nacional Illas Atlánticas

A DORNA AUNIENSE “ELVIRA”

Sen entrar en polémica sobre a Dorna que no momento da inauguración do Centro de Visitantes atopábase no patio exterior deste e que paseniñamente foi sufrindo un deterioro que acabou con ela en seis anos, temos que recoñecer que a iniciativa do Parque para que, nese Centro, haxa unha Dorna Polbeira de Ons, base da etnografía mariñeira auniense, é unha grande decisión digna de aprobación. Por que?

Primeiro porque a Dorna representa a base da economía auniense e, grazas a ela, os aunienses lograron saír adiante e converterse en magníficos mariñeiros especialistas na pesca do polbo.

Segundo porque, por desgraza, ao ir desaparecendo das augas aunienses, era obrigatorio dedicarlle un espazo, neste caso no Centro de Visitantes, en homenaxe ao que representou para os veciños de Ons e, á vez, dala a coñecer a todos os visitantes explicando os diferentes nomes das partes que a compoñen, acompañándoa con fotos do seu uso na Illa, o diferente xeito de vogar nela e os seus característicos remos,...

Terceiro porque se escolleu unha Dorna autóctona, nada menos que a de Checho, que fora o último alcalde pedáneo de Ons e na que fixo grandes singraduras pesqueiras pola contorna da Illa.

E **cuarto**, polo magnífico labor de reconstrución que fixo a Asociación Os Galos de Bueu, por mor dun Convenio co Parque Nacional. O seu traballo é digno de loanza e encomio polo seu minucioso e profesional traballo conseguindo manter o valor histórico e patrimonial da embarcación. Agora só queda que se busque un lugar adecuado no Centro do que eu, no anterior Onstopus, xa din a miña opinión.

ESCAVACIÓNS NO CASTRO DOS MOUROS (I)







Nesta magnífica foto publicada pola Voz de Galicia, podemos ver a contorna do Castro dos Mouros (no círculo) en Canexol.

UNHA REIVINDICACIÓN DENDE HAI 40 ANOS

Por mor da interesante experiencia que no ano 1975 tiven co grupo de economistas e biólogos da Universidade Compostelá que foran realizar un traballo de investigación a Ons patrocinado polo Irida e de contactar na Illa coa antropóloga Ana Liste que tamén estaba realizando un estudo etnográfico sobre esta comunidade, comezou o meu interese por coñecer máis sobre esta illa e os seus habitantes. Despois de arredor de 7 anos de traballo de campo en Ons e do intento de recompilación de datos bibliográficos, comprobéi que Ons era a grande descoñecida e ignorada polos investigadores pois, chegado o ano 1982, practicamente nada atopara e moi pouco se publicara sobre ela, agás tres interesantes traballos e un bo número de artigos periodísticos sen moito interese.

Foi nese ano cando decidín comezar a miña particular cruzada para dar a coñecer o pouco que se sabía da historia e etnografía auniense co único obxectivo de intentar conseguir que persoas especialistas viran nesta Illa un campo virxe de estudo e investigación, e ver se conseguía animalos e motivalos.

Comecei, dende ese ano, cunha serie de escritos á universidade, museos e outros organismos, persoas varias do mundo da investigación,..., e con pequenos artigos de prensa. Entre todo iso, destacaba a importancia do estudo socio-etnográfico polo perigo que corría de desaparición e polo aspecto arqueolóxico, debido ás charlas mantidas con persoas que se achegaban a Ons para pequenas pescudas particulares, destacando o interese polo *Castro e a Cova dos Mouros* en Canexol.



Algúns dos primeiros traballos sobre Ons ata 1982



PRIMEIROS TRABALLOS ARQUEOLÓXICOS

Entre o 5 e o 9 de abril de 2021 e despois de que en 2009 Paula Ballesteros dera a coñecer a salga romana de Canexol, comezaron os primeiros traballos arqueolóxicos, por parte de Universidade de Vigo, neste barrio auniense con resultados máis que satisfactorios. Podedes miralo en Onstopus nº 28 <http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>.

A partires de aí viron a necesidade de emprender escavacións no Castro.

ESCAVACIÓNS NO CASTRO DOS MOUROS (II)

COMEZO DAS ESCAVACIÓNS NO CASTRO DOS MOUROS

Despois das primeiras catas, tanto na zona a carón do cantil de Canexol como nos terreos próximos onde, como dixemos, os resultados foron óptimos, o equipo de arqueólogos, entre outras suxestións que deberían realizarse nun futuro próximo, faláron de dúas premisas case que imprescindibles: Buscar un xeito de protexer a zona de cantil onde se atopa o xacemento romano e escavar o Castro dos Mouros.

Podo dicir que as dúas, como non se levara unha reivindicación a altas esferas, me parecían, non imposibles de conseguir, pero que si tardarían, como mínimo, tanto tempo en realizarse como levo eu reivindicando a escavación arqueolóxica nos puntos principais da Illa.

Teño que dicir, polo menos nunha delas, que equivoqueime por completo, pois neste mes de outubro, dende o Parque, déronme a grata nova de que comezaban as escavacións, tanto na zona onde estiveran escavando anteriormente, como no Castro.

Pareceume increíble, pero aí están, traballando con ganas e, tamén, con resultados, segundo nos dixeron @s arqueólog@s, moi interesantes, estando á espera dos estudos a realizar en laboratorio sobre o material atopado para, posteriormente valorar cientificamente os materiais obtidos e ver a necesidade de seguir traballando sobre o terreo.



Imaxe da salga a carón do cantil.
Foto: Parque Nacional Illas Atlánticas



Arqueólog@s traballando o día 22 de outubro de 2021 na zona baixa do Castro dos Mouros. Segundo a arqueóloga encargada nese intre, vemos unha estrutura de orixe romana, con dúas portas de entrada. Na escavación atoparon numerosos obxectos que hai que estudar detidamente en laboratorio para dar unha versión fidedigna dos achados e, deseguido, presentar o proxecto necesario para seguir coas escavacións.

ESCAVACIONES NO CASTRO DOS MOUROS (III)

Fotos da noticia



Fotos en verde, escavación nunha das pías do xacemento romano do cantil de Canexol.

Fotos en vermello, escavación na parte baixa do Castro dos Mouros.

Cando ía a rematar este Onstopus, recordei estas novas que coído son de interese.



CORTA E REFORESTACIÓN

Anos levamos comunicando á Consellería de Medio Ambiente que, se os profesionais e técnicos coidan que hai que eliminar de Ons, como parte integrante dun Parque Nacional, especies vexetais que poden danar dalgún xeito o chan da Illa, pois adiante, pero que, paralelamente, comece un plan de reforestación, tamén dirixido por profesionais e técnicos.

Segundo palabras da Dirección do Parque, esa é a idea que teñen en mente. Esperamos que a cumpran.

POSIBLES PERIGOS A SOLUCIONAR

Como comentei, estanse a realizar unhas obras de arranxo no entorno do Buraco do Inferno, obras que eran moi necesarias.

Na parte superior, zona norte, entre as antigas columnas de pedra que facían de peche, puxeron outras máis pequenas, supoño que, para evitar que os visitantes, en especial os nenos, se colen entre elas e podan precipitarse embaixo.

Na súa parte frontal, zona sur, non as colocaron aínda e coidamos que son tamén moi necesarias para evitar que se metan entre elas para visualizar, tombados, o fondo do Buraco. Supoño que estará entre os traballos que faltan por facer.

Visita del Gobernador Civil a la isla de Ons

El gobernador civil y jefe provincial del Movimiento, don Rafael Fernández Martínez, acompañado del subjefe provincial, Sr. Terrados; inspector provincial, Sr. Alfaya; delegado del frente de Juventudes, Sr. Corrochano, visitó la isla de Ons, para conocer la labor llevada a cabo por la cátedra ambulante de la Sección Femenina.

En el puerto de la isla le esperaban la delegada de la Sección Femenina, Srta. Otero Moratinos, y el grupo que forman la cátedra ambulante, el alcalde pedáneo y gran número de marineros.

Después de saludarles, visitó la escuela donde reside la cátedra ambulante, comprobando la magnífica labor sani-

taría, de artesanía y de formación social llevada a cabo.

Recibió también el Sr. Fernández Martínez en audiencia a la mayoría de los habitantes de la isla, interesándose por todos sus problemas y de una manera muy especial por la electrificación, cementerio, enseñanza, seguro de enfermedad y subsidios.

El gobernador civil y sus acompañantes permanecieron en la isla cerca de ocho horas, siendo despedidos con grandes muestras de entusiasmo por toda la población isleña, que ha mostrado su agrado decimiento a la primera autoridad provincial por el interés con que ha acogido los problemas planteados.



VISITA DO GOBERNADOR CIVIL, RAFAEL FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, Á ILLA DE ONS EN 1957

No xornal El Pueblo Gallego de 4 de agosto de 1957, xorde esta nova. Na hemeroteca da Deputación de Pontevedra na sección de ATOPO, apareceron varias fotos, do que podemos chamar, este acontecemento para os veciños, pois na idea do gobernador estaba coñecer e dar solución aos problemas dos aunienses, entre os que estaba, a electrificación da Illa.

A foto de arriba é curiosa e interesante xa que é a única que coñecemos, polo menos que eu saiba, do interior da antiga escola de Canexol. Daquela estaba de mestra, segundo o magnífico traballo de Arturo S. Cidrás, Carmen Tomé Loureiro, pero coído, debido a que a foto realizouse en agosto, que quen recibe ao gobernador é a delegada da Sección Femenina Sra. Otero Moratinos. Sobre a foto de abaixo falaremos no seguinte Onstopus. http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/20/21_Escola%20de%20Ons-Cidras.pdf